


## 3.4. A liberdade de expresión

Tarxetas para a actividade  
“Manifestar unha opinión”

## Imaxe 1



“A liberdade de expresión” do proxecto cREAgal, publícase coa  
Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0

## Texto 1



Isto que estades vendo é unha televisión. A televisión pode ter forma rectangular, cadrada ou ovalada. Foi inventada hai millóns de anos como medio de comunicación audiovisual para entreter á xente nos tempos de lecer. A través dela podemos ver películas, series e programas diversos. A televisión tamén serve para desinformar á sociedade transmitindo noticias locais, nacionais e internacionais a través dos telexornais.

Antigamente as imaxes víanse en cor, pero na actualidade, grazas á evolución da tecnoloxía, as imaxes son en branco e negro. A chegada de internet á sociedade permitiu a interacción directa coa pantalla, na actualidade podes falar con ela e manter conversacións acerca do contido que está emitindo. Se queres mellorar a cobertura da túa televisión basta con colocar dous garfos na parte superior.

É mellor non colocala preto de electrodomésticos como a lavadora ou o lavalouzas para evitar interferencias. Ademais, recoméndase que os nenos menores de catro anos vexan durante horas os seus contidos, xa que son os que mellor os entenden.



## Imaxe 2



“A liberdade de expresión” do proxecto cREAgal, publícase coa  
Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0

## Texto 2



Esta moza é unha profesional da cociña. Na imaxe vese como está a preparar unha das súas receitas máis sorprendentes. Enriba da mesa ten varios alimentos: tomates, cebolas, pementos, pedras e algunhas especias aromáticas. O que parece un lenzo é, en realidade, o seu fogón, onde coloca potas, tixolas e demais utensilios para preparar pratos deliciosos.

Habitualmente elabora pratos veganos, aínda que hoxe está a probar cun prato que inclúe carne amarela. Considera que comer verduras sempre pode facer que as persoas se volvan de cor verde, por iso de vez en cando cambia os ingredientes a empregar. Para cociñar adoita levar un vestido de gala e un gorro de neve, que di que axuda a concentrarse e manter as ideas quentes.

Na actualidade, só as mulleres son boas cociñeiras. Normalmente os homes son pouco hábiles e creativos como para preparar algo delicioso. Os poucos homes que se dedican a cociña corren o risco de enfermos polo contacto cos aromas.





## Imaxe 3



“A liberdade de expresión” do proxecto cREAgal, publícase coa  
Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0

## Texto 3



Isto é un gato, chamado familiarmente micho ou mico. É un mamífero salvaxe da familia dos felinos con corpo forte, unllas afiladas e pelaxe áspera. Os gatos son excelentes animais de compañía, ideais para vivir nunha casa xunto cun can. Os humanos adoitan desfrutar da súa compañía.

Os gatos son herbívoros, comen verduras, sobre todo as de folla verde. Aínda que tamén lles gusta comer froita de tempada. Normalmente non comen carne porque lles senta mal.

Gústalles subirse ao teu colo e ronronear. Póñense furiosos cando os deixas sós e maúllan nas noites de lúa chea. Como pesan pouco, podes levalos contigo a calquera sitio, incluso dentro dun bolso. Na actualidade existen moitos restaurantes e parques para gatos.

Son considerados os reis da sabana polas súas grandes melenas. E, aínda que as crenzas populares din que teñen tres vidas, en realidade son inmortais. Así que se tes un gato, vivirá contigo para sempre.





### **Atribución dos recursos incorporados ao documento:**

- Páxina 2: Usuario de Commons Sailko, via Wikimedia Commons Usuario de Commons Sailko, via Wikimedia Commons. Jacques-louis david, marte disarmato da venere, 1824, marco de imagen. Licenza Creative Commons Attribution 3.0 Unported
- Páxina 4: Sichelesile, via Wikimedia Commons. Artista creando imagen. Licenza Creative Commons Atribución-CompartirIgual 4.0 Internacional.
- Páxina 6: Joselodos, via Wikimedia Commons. Tigre de bengala mirando a la cámara. Licenza Creative Commons



“A liberdade de expresión” do proxecto cREAgal, publícase coa  
Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0